

Convocatoria
XI Concurso de Fotografía
“Herdeiros da tradición”
Museo Liste de Vigo



Cerería Fátima (Teis, Vigo)

2024

Bases

1. **Aspectos xerais:** XI convocatoria do Concurso de Fotografía convocado polo Museo Liste de Vigo co gallo da celebración do Día Internacional dos Museos (18 de maio). O concurso pretende fomentar o coñecemento e a creatividade a través da práctica da fotografía co fin de destacar variados aspectos históricos, artísticos, etnográficos e antropolóxicos.

As fotografías a concurso serán valorada atendendo, principalmente, a tres criterios:

- Estético: valorarase a beleza da fotografía e a sensibilidade á hora de recoller certos aspectos que singularicen e dignifiquen o elemento fotografado.
- Técnico: valoraranse aspectos asociados á técnica desta arte.
- Documental: valorarase que as fotografías presentadas acaden o valor de documento gráfico como forma de recoller e difundir coñecemento.

2. **Temática: “Herdeiros da tradición”**, proposta que convida a captar, ex profeso para o concurso, aqueles oficios ou ocupacións que no seu devir, froito dos cambios tecnolóxicos e sociais, permitan unha análise a través da fotografía das súas escenas, ámbitos, equipos e ferramentas dando conta da tradición, da herdanza, da permanencia e, como non, da inevitable innovación. Poderemos captar calquera oficio, traballo ou ocupación ben recuperado a través da actividade artesanal ou ben fotografado no tempo presente. Como guía da temática

requirida citamos, por exemplo, a imaxe dun cesteiro traballando o vimbio tal como podería ter feito hai séculos; un moderno estaleiro produto da evolución daquelas vellas carpinterías de ribeira; o interior dunha fábrica téxtil que percorreu tan longo camiño dende a realidade das tecelás, costureiras ou xastres; a imaxe dunha palilleira en Camariñas; actividades primarias como a agricultura, a pesca ou o marisqueo; a fotografía da nosa cabeceira, o último obradoiro de cerería de Teis; etc.

As fotografías deberán presentarse con título e, opcionalmente, unha pequena reflexión ou reseña sobre a tradición dese oficio, sobre a herdanza da actividade ou calquera outro aspecto que desexen subliñar.

3. **Prazo de recepción das obras:** aberto dende o 1 de febreiro ata o 23 de abril de 2024.
4. **Participantes e número de obras:** maiores de 18 anos cun número máximo de tres fotografías presentadas por persoa, se ben nunca recaerán dous premios no mesmo participante.
5. **Presentación das obras, identificación e envío:**
 - Han de ser fotografías actuais, **realizadas ex profeso para o concurso** quedando excluídas do mesmo as fotografías que non conserven os datos orixinais que permitan verificar a súa data de captura.
 - Todas as obras deberán ser **orixinais, inéditas e non presentadas nin premiadas** con anterioridade en ningún concurso e deberán manter estas condicións ata o remate do proceso concursal.
 - O tamaño da fotografía deberá ser de **30 x 20 cm.**, cunha resolución mínima de **300 puntos por polgada** e en **formato jpeg** (poderá ser requirido o formato RAW se fora necesaria comprobación do cumprimento destas bases). Non se admitirán fotomontaxes. Tampouco se admitirán fotografías firmadas, con bordes ou marcos.
 - As fotografías serán **enviadas por correo electrónico en arquivos adxuntos de xeito individual (un arquivo adxunto por fotografía). O nome do arquivo adxunto será o título da fotografía.** No corpo da mensaxe especificaranse os datos do participante que deberán incluír: nome e apelidos; enderezo postal (domicilio, código postal, poboación e provincia); enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto así como o título da obra que, como se refire anteriormente, tamén se fará constar no título do arquivo adxunto.
 - O enderezo de envío é : didactica@museoliste.org. Confirmarase recepción.
 - Os autores responsabilizaranse da autoría e orixinalidade das obras presentadas, de que non existan dereitos de terceiros sobre as mesmas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidera formularse. A este respecto, será necesario **cumprimentar un formulario** que se poderá descargar desde a dirección <https://museoliste.org/blog/> e que se enviará firmado a través de calquera medio sempre que nas fotografías figuren persoas recoñecibles ou lugares para o que sexa preceptivo a petición de permiso de fotografado.
 - **É imprescindible o cumprimento das presentes bases** sendo responsabilidade do autor que as obras se axusten a elas. O Museo non responderá consultas sobre a pertinencia das

obras enviadas en canto a formatos, temática e outras cuestións que só o xurado analizará no momento da resolución do concurso.

6. Selección de obras, xurado e fallo: o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por varios expertos en fotografía, un experto en etnografía e patrimonio, un membro do padroado da Fundación Liste e un membro do persoal técnico do museo. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado no blog do museo (<https://museoliste.org/blog/>) e en prensa a partir do 7 de maio de 2024.**

7. Premios: establécense 3 premios. Un primeiro premio dotado con 200 euros en metálico e dous premios máis que recibirán unha figura conmemorativa. Así mesmo, as obras gañadoras serán expostas durante un período de 30 días na sede da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo.

A entrega de premios e a inauguración da exposición das fotografías premiadas realizarase o día 17 de maio, “Día das Letras Galegas”, a partir das 12:30 h. na sede do Museo.

8. Outros:

- Cesión dos dereitos de reprodución e difusión das fotografías presentadas sempre que se mencione o autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural e, en calquera caso, sen ningún tipo de beneficio económico.
- O feito de participar implica a aceptación íntegra das presentes bases e, en caso de existir algunha discrepancia na súa interpretación ou valoración, prevalecerá o criterio do Museo.
- En todo aquilo non previsto nesta bases a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.

9. Información: a través do teléfono 986244698 ou a través do enderezo didactica@museoliste.org.